

UNHA OLLADA Á NATUREZA COA LUZ DO HAIKU

TRONA, O MERLO

LUÍS VALLE

BALDO RAMOS

Barbantesa / 12 euros

Poetas e artistas plásticos os dous, Luís Valle e Baldo Ramos únense neste poemario editado por Barbantesa con textos do primeiro e ilustracións do segundo. Valle, gañador de importantes premios poéticos como o Caixanova, o Lueiro Rey ou o Eusebio Lorenzo Baleirón, plantexa aquí a emoción e a reflexión a través dun libro de haikus, máis intenso e luminoso que outros traballos seus anteriores, aínda que quizais mantén co precedente, "As cicatrices do Sol", unha aposta pola observación da natureza e a capacidade para conmoverse con ela ("Lonxe da senda / un corviño xeadado / puntúa o prado").

Por outra banda, a innegable raíz oriental do propio xénero canxa á perfección cos trazos caligráficos elaborados por Baldo Ramos, nese terreo que con tanta elegancia domina o de Celanova entre a palabra e a imaxe dona do azar.

